

Texto sobre a proposta do equipo reitoral da UDC para a fusión da ETSAC e da EUAT, redactado e referendado pola Xunta de Escola da ETSAC en sesión do 11 de xuño de 2015.

ANTECEDENTES:

No Consello de Goberno da UDC de data 28 de maio de 2015, o Secretario Xeral na súa intervención, no punto da orde do día *“Informe do Reitor”*, expuxo a oportunidade de desenvolver un plano de racionalización das estruturas de centros e departamentos, cuxos obxectivos serían: *“simplificar as estruturas administrativas e eliminar duplicidades innecesarias; aproveitar de xeito máis eficiente os recursos orzamentarios disponibles; axeitar as estruturas organizativas da docencia e a investigación á oferta de titulacións de grao e mestrado”*. No resumo daquel Consello de Goberno tamén se engade, textualmente, que: *“Mais tamén é obxectivo do plan director xestionar a propia política organizativa da casa dun xeito participativo e transparente, implicando a toda a comunidade universitaria na busca de consensos que fagan realmente eficaces as reformas”*.

Esta foi a primeira vez que a dirección da ETSAC tivo noticias da intención de desenvolver un “plan de racionalización das estruturas de centros e departamentos”, sen que nos chegase ningunha outra información. O luns, día 8 de xuño, o director do Departamento de Composición foi convocado a unha reunión na Reitoría, na que se lle entregou un documento no que se detalla a supresión de cinco departamentos da UDC, afectando dous deles á ETSAC: dividir o departamento de Composición nas súas catro áreas de coñecemento e integralas noutros tres departamentos: Humanidades, Pedagogía e Didáctica, e Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo; así mesmo se elimina o departamento da EUAT, Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica e se integra no departamento de Representación e Teoría Arquitectónicas. Nese documento inclúese un calendario que sinala a aprobación destas supresións no Consello de Goberno a celebrar o 30 de xuño e a súa remisión á Xunta de Galicia en xullo.

A dirección da ETSAC tivo noticia disto ese mesmo luns ás 14.45h, informada polo director do departamento de Composición. Chamouse inmediatamente ao Secretario Xeral para falar con el deste asunto e a resposta foi que xa convocaría á dirección da escola.

O martes 9 de xuño, os directores da EUAT e da ETSAC recibiron, nos seus correos persoais unha convocatoria, remitida polo Secretario Xeral, como parte das que se van manter con direccións de centros e departamentos *“que, polo seu tamaño, son susceptibles de fusión con outros”*. A convocatoria, que fixa o venres 12 esta reunión, sinala que:

“No caso da ETSA e da EUAT, a súa natureza de centros onde se imparten titulacións únicas relacionadas cos procesos de construción, e onde as sinerxias en materia organizativa e académica parecen evidentes, aconsella suscitar a proposta da súa fusión, cuxa oportunidade queremos contrastar con vós”. O texto engade, ademais un avance da denominación do novo centro: *“Unha proposta de denominación do centro podería ser a de Escola Técnica Superior de Arquitectura e Edificación, mais pode haber outras alternativas”*.

Ante a transcendencia do proposto, e o xeito no que ten acontecido, se modificou inmediatamente a orde do día da Xunta de Escola convocada para o xoves 11 de xuño, co fin de informar e solicitar a opinión da Xunta de Escola ante estas propostas. Este escrito é o resultado desta consulta.

RAZÓNS QUE DESACONSELLAN A FUSIÓN DA ETSAC E DA EUAT

A ETSAC expresa o seu total rexeitamento ante unha eventual fusión coa Escola Universitaria de Arquitectura Técnica polas seguintes razóns:

De carácter académico

- Aínda a pesar de que nas denominacións das dúas escolas se inclúa a palabra “Arquitectura”, a natureza dos estudos, contidos, obxectivos e investigación nos dous centros son substancialmente diferentes. As “*sinerxias en materia organizativa e académica*” ás que alude o Secretario Xeral da UDC evidencian un claro descoñecemento da nosa historia, obxectivos académicos e estrutura docente.
- Tras as reformas do noso plano de estudos, obrigadas pola Orde EDU, 2075/2010 pasaríamos a impartir nun mesmo centro un Grao en Estudos de Arquitectura e un Grao en Arquitectura Técnica, ademais dun Mestrado Universitario en Arquitectura, ao que no poderían acceder, por lei, os graduados en Arquitectura Técnica. O equívoco das denominacións dos estudos dos anteriormente coñecidos como apareladores, integrados nun mesmo centro con nós serían, sen dúbida, prexudiciais para os nosos estudos.
- Dende a súa fundación hai corenta anos, a ETSAC mantivo o criterio de que as diferentes materias foran impartidas por arquitectos. Con algunha excepción, no noso centro a historia, a teoría, as estruturas, a física, a construción, as instalacións, o debuxo, o urbanismo e os proxectos son ensinados por arquitectos. Isto é unha das fortalezas do noso centro, xa que todo o profesorado posúe unha visión común sobre os nosos diversos contidos académicos, tendo unha grande importancia para a formación dos nosos alumnos. A fusión de centros acabaría con esta situación.

De carácter económico

- As razóns económicas sinaladas como único motivo desta fusión non son claras. Cómpre lembrar que case que todo o PAS da UDC é funcionario. Debido a isto, se a unión das secretarías dos dous centros prescindise dalgún dos seus traballadores, este debería ser reubicado noutro centro. Os dous edificios deberían seguir en uso e a carga docente dos dous centros sería a mesma. Polo tanto, resulta difícil entender como se produce un substancial aforro que xustifique unha medida de tal alcance.

- É importante sinalar que o número de alumnos e a carga docente dos dous centros é totalmente asimétrica. Unha forzada e antinatural fusión entre as dúas escolas podería facilitar unha reordenación de docentes, prescindindo de parte dos profesores contratados, fundamentalmente adscritos á ETSAC, que na súa maioría son arquitectos, moitos deles doutores acreditados.
- Os edificios principais que acollen ás dúas Escolas, a Técnica Superior e a Universitaria, son una doazón á UDC da Fundación Barrié, efectuada en 1991, cuxas condicións vinculan a súa titularidade ao uso dos mesmos. É pertinente unha consulta xurídica sobre a vixencia de tal doazón no caso que as escolas desaparecesen para fusionarse como un único centro.

De carácter organizativo

- A ETSAC conta cunha serie de ofertas docentes, medios e servizos, postos en pé con esforzo de anos, que se axustan á demanda dos nosos estudantes. A nosa biblioteca, o laboratorio de fabricación dixital, o laboratorio de deseño asistido, o laboratorio de fotografía, os programas específicos internacionais, etc., sufrirían unha profunda e negativa transformación nunha fusión entre os dous centros.
- Os resultados e indicadores dos dous centros son notoriamente desiguais. Tanto a matrícula de alumnos, como os resultados de investigación, méritos de docentes, actividade cultural, proxección internacional, etc., non son dous sumandos similares nunha eventual fusión, o que prexudica moi notablemente á ETSAC.

De carácter significativo

- A ETSAC ten recorrido corenta anos dende a súa creación en 1975, situándose como unha das escolas públicas de arquitectura máis importantes e recoñecidas en España. Este camiño implicou o esforzo de numerosos docentes, PAS e alumnos que traballaron polo prestixio dun centro, por unha titulación única no SUG e no noroeste do Estado, con atribucións reguladas por lei, e pola defensa da arquitectura galega. Perder o noso nome e desdebuxar os nosos obxectivos, fusionándonos con outro centro, traizoa todo este esforzo de dúas xeracións e é inxustificable.
- As dúas titulacións son únicas no sistema universitario galego e ambas son titulacións que contan cunha longuíssima historia. En España, a primeira escola de arquitectura fundouse en Madrid en 1844, e o título de aparellador regulouse en 1935, con estudos propios. Fusionar dous centros de tan distinta natureza, tradición e significación é un grave erro.

Esta Xunta de Escola quere deixar claro que a nosa oposición frontal á fusión coa EUAT, está motivada pola defensa da nosa esencia académica e investigadora e, de ningún xeito, queremos menoscabar o noso respecto e consideración cara á Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. Os dous centros sempre mantiveron unha cordial relación, entendendo as importantes diferenzas que existen entre as nosas titulacións.

Queremos sinalar, tamén, o noso rexeitamento ás formas, prazos e termos nos que se lanzou esta proposta de fusión de centros. Responde a un cálculo de tempos que furta o debate. É, por tanto, inconsecuente coa intención manifestada polo equipo reitoral dunha *“política organizativa da casa dun xeito participativo e transparente”*. A isto se suma a irresponsabilidade de lanzar esta proposta en pleno período de matrícula, xa que terá consecuencias negativas para os dous centros, e cuxo alcance constataremos.

Por todo o exposto, a postura da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, é firme na súa total oposición á proposta de fusión coa EUAT, e nesta vontade conta con todo o apoio dos seus profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, expresada en Xunta de Escola. Solicitamos ao Equipo de Goberno da UDC que paralice a súa proposta e, de non ser así, manifestamos a nosa intención de utilizar todos os recursos que consideremos oportunos, como centro, para opoñernos á mesma.

A Coruña, 11 de xuño de 2015.

Aprobado por unanimidade, cunha asistencia de 83 membros do total de 122. Escusan a súa asistencia 10 membros da Xunta de Escola.